



BEA: Boas tardes! Chámome Bea e represento o grupo de Participación Mariscadoras de Ideas e hoxe xunto co meu compañeiro, Juan, veño a falar tanto de que nos preocupa no tema do acoso como as medidas que nos parecen necesarias.

JUAN: Boas tardes, antes de nada queremos agradecer en nome de todos os membros do CAIA a posibilidade de ter este espazo concedido pola Valedora, grazas.

BEA:

Mais alá das definicións académicas como por exemplo “perseguir sen descanso” e “causar aflición”, gustaríame explicar o que representa o acoso para min persoalmente. O acoso significa “a invasión do espazo persoal mais íntimo”, significa “encerrar a alguén en si mesmo e impedir que poida florecer a súa personalidade”, e “é un lugar do que podes escapar, pero nunca esquecer”.

Na maioría das realidades, é previsible seguir convivindo cos teus acosadores ou simplemente ter que marchar deixando todo atrás, provocando ademais a impunidad das persoas que tanto dano che fixeron.

A experiencia nos demostra que a maioría das persoas que sufriron acoso, converteranse en individuos moi receosos e non volverán a confiar na sociedade, non volverán a confiar en todos nós.

JUAN: O acoso escolar é algo que lle afecta a maioría da infancia e adolescencia galega, pois case todos foron ou vítimas, ou acosadores ou cómplices. Cómplice tamén é aquel que coñece a situación pero non denuncia.

Hoxe en día temos a posibilidade de denunciar o bullying anónimamente grazas aos puntos naranxas que facilitou a xunta en todos os centros educativos galegos. Pero por desgraza, o acoso escolar é algo que xa traspasa os muros da escola, por culpa das novas tecnoloxías os acosadores poden seguir acosando a súa vítima dende a súa casa. Sendo o CAIA o único órgano colexiado autonómico que se adica exclusivamente á infancia é crucial que se preocupe por esta temática, pois a principal causa de morte dos adolescentes é o suicidio, e o bullying é un dos principais causantes desta decisión. Quero por de exemplo o caso de Alejandro, un rapaz de 11 anos que se suicidou o 16 de Setembro de 2021, debido a que no colexio era acosado polos compañeiros de clase e por unha profesora, pero Alejandro é só un dos múltiples rapaces que con menos de 14 anos se suicidan anualmente.



BEA:

Entre estas reflexións, vimos a expor as seguintes ideas:

1--- Propomos que exista un protocolo común en todos os centros educativos de Galicia, unificando as múltiples accións existentes e privilexiando a atención para a persoa que é acosada.

2--- A creación de grupos exclusivos de alumnado vítima de acoso, para que poidan reunirse e compartir experiencias entre eles, para criar un espazo de apoio e confianza

3--- Que os Grupos de Participación poidamos reunirnos directamente con eles, entender as súas realidades, e saber que podemos facer para axudalos a recuperarse para que esta realidade deixe de existir.

4--- Que os profesores reciban formación específica sobre as actitudes de acoso, para a integración dese coñecemento de forma transversal no material didáctico e no contido curricular.

5--- A creación de cursos obrigatorios para os acosadores e as súas familias, porque estamos convencidos que unha gran parte do problema empeza no ámbito familiar e non podemos seguir obviándo.

JUAN: Así, é preciso que se cumpra a LOPIVI, e que o delegado de protección sexa unha figura estable que se implante XA nos centros educativos galegos, e que sexa unha persoa estable na escola ademais de totalmente imparcial. Tamén notamos a carencia de que os alumnos non coñecemos que protocolo debemos seguir á hora de vivir unha situación de acoso escolar.

BEA: Para rematar, quería facer dúas reflexións finais:

Debemos fuxir con determinación dos modelos baseados na crítica que se nos impoñen, todos debemos impregnar a comunidade educativa con empatía e xenerosidade.

Moitas veces se di que o acoso é invisible, pero humildemente creo que o problema non esta en que sexa invisible, se non que nos non estamos dispostos a ver o que temos ben diante dos nosos ollos.

Grazas pola oportunidade de expresar o noso punto de vista